



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO ESTADO DE EMERXENCIA CLIMÁTICA E ECOLÓXICA

Aprobada polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña, na súa sesión do 4 de xuño de 2019, por unanimidade:

“Atopámonos, como todos sabedes, nun punto decisivo para o futuro das próximas xeracións, segundo o Informe do Panel Internacional sobre o Cambio Climático (IPCC), temos que reducir nun 45% as emisións de CO₂ para o ano 2030, e aproximarnos a un escenario de 0 emisións para o ano 2050. Quedándonos 11 anos para limitar a subida de temperatura media global a 1'5°C en comparación cos niveis pre-industriais para frear as consecuencias, que, de non conseguilo repercutirían ó clima, a biodiversidade e á sociedade no seu conxunto. En dito Informe descríbense parte das posibles consecuencias ás que xa nos vemos afrontando, como é a acidificación dos océanos, a desertización dramática da superficie terrestre, así como a subida do nivel do mar, os cambios estacionais e de choivas, a extinción masiva de especies (da que xa falamos como a 6ª extinción) e o desprazamento de comunidades enteiras (a chamada crise migratoria e explosión demográfica).

Falamos así, dun cambio necesario e visible en todos os ámbitos para frear e deixar de sumar a unha conta a deber que xa sei fai demasiado longa co medio ambiente, falamos de que non só temos que cambiar o presente senón, tamén de trocar e remendar os erros que xa se cometeron e que seguemos a repetir no sistema e na sociedade, conscientes do arraigados que están certos patróns. e costumes. Por isto que debemos agarrar a arma máis forte que temos, o coñecemento e a información.

Estamos ante un cambio importante e urxente que podemos e debemos impulsar.

Por todo o mencionado anteriormente, por todas as iniciativas que está levando a cabo esta nosa Universidade; por todas estas razóns científicas que nos alarman da necesidade dun cambio real, e sendo un movemento estudantil (aínda que tamén apoiado por numerosas asociacións defensoras do medio ambiente que nos axudan e comezan a medrar); cremos de gran importancia que **a UDC se suba ao movemento e visibilice a Emerxencia Climática e Ecolóxica** á que nos afrontamos, para xuntar esforzos e garantir unha sociedade sostible declarando tamén o Estado de Emerxencia Climática.

Queremos contribuír con esta declaración a situar o debate climático nas Universidades, e facer presión para que tamén sexa un punto clave, ao igual que a educación, nas axendas da política galega, española, xunto cos compañeiros do resto de universidades, no panorama Europeo e Internacional.

Queremos coherencia en cada acto e paso que da a Universidade cara “á transformación das comunidades, da tecnoloxía e da gobernanza que haberán que impulsar na transición cara a sustentabilidade.” xa mencionada. Sen poñer en dúbida os procedementos e accións, pero sendo tamén conscientes de que só valen medidas reais, non só de escaparate, impulsando o traballo mao a mao con aquelas empresas e asociacións que loitan por marcar un camiño novo. Un camiño cara o respecto co planeta e con todas as especies que habitan nel, un novo camiño cara un futuro sostible. Con aquelas entidades que promovan a igualdade a todos os niveis e aposten polo cambio”.